

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 23
2020



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

**MACROMICOLOXÍA EN TRÁS-OS-MONTES (PORTUGAL):
BIODIVERSIDADE E ANÁLISE HISTÓRICA DO SEU APROVEITAMENTO**

por

M.L. CASTRO¹, H. FERNÁNDEZ-RICÓN², A. CORDEIRO², G. PÉREZ-TORRÓN, M. CABALEIRO² et P. ESTÉVEZ-CARIDE²

CASTRO, M.L., FERNÁNDEZ-RICÓN, H., CORDEIRO, A., PÉREZ-TORRÓN, G., CABALEIRO, M. et CARIDE, P. 2020. Macromicología en Trás-os-Montes (Portugal): Biodiversidade e análise histórica do seu aproveitamento. *Mykes* 23: 85-97.

Resumo

Neste artigo faise unha análise histórica da macromicología na provincia portuguesa de Trás-os-Montes ata o ano 2018, tanto desde o uso por parte das poboacións locais como do aporte científico realizado por investigadores e agrupacións micolóxicas. Infórmase da creación dunha base de datos en liña (MICONORTEPORT.SQL), na que se introduciron un total de 755 taxons de *Basidiomycota* e *Ascomycota*, procedentes dos distritos de Vila Real e de Bragança.

Palabras chave: *Ascomycota*, *Basidiomycota*, Trás-os-Montes, Bragança, Vila Real, Portugal, etnomicología, nomes populares.

CASTRO, M., FERNÁNDEZ-RICÓN, H., CORDEIRO, A., PÉREZ-TORRÓN, G., CABALEIRO, M. et CARIDE, P. 2020. Macromycology in Trás-os-Montes (Portugal): Biodiversity and historical analysis of its use. *Mykes* 23: 85-97.

Summary

This article makes a historical analysis of macromycology in the portuguese province of Trás-os-Montes until 2018, both from the

¹Laboratorio de Micología. Universidade de Vigo, ²info@mycogalicia.es

use by local populations and the scientific contribution made by researches and mycological groups. Likewise, the creation of an online database (MICONORTEPORT.SQL) is reported, in which a total of 755 taxa from *Basidiomycota* and *Ascomycota*, from the districts of Vila Real and Bragança, have been introduced.

Keywords: *Ascomycota*, *Basidiomycota*, Trás-os-Montes, Bragança, Vila Real, Portugal, ethnomycology, popular names.

INTRODUCCIÓN

Trás-os-Montes e Alto Douro é a provincia situada máis ao norte e ao leste de Portugal. Ten unha extensión ao redor de 10 000 km², incluídos en catro distritos: Vila Real, Bragança, Viseu e Guarda, aínda que os dous últimos, situados na marxe esquerda do Douro, só teñen 5 concellos que pertencen a esta provincia [fig. 1].

A rexión limita ao norte co sur de Galicia, ao leste con Zamora e Salamanca (Castela-León) e está separada da provincia litoral do Minho polas serras do Gêres, do Alvão e do Marão, de onde deriva o nome de Trás-os-Montes.

A xeografía é bastante diversa, atópanse interesantes zonas con rochas ultrabásicas, entre xistos e granitos, e o relevo está formado por un conxunto de montes e altas plataformas («planaltos» ou mesetas) interrompidas por vales moi fondos, como os do Douro e o Sabor.

O clima é atlántico na zona máis occidental, con certa humidade e temperaturas frescas («Terra Fría»), e mediterráneo con tendencia claramente continental, na rexión máis oriental e meridional, polo tanto moi seco durante todo o ano, extremadamente quente no verán e frío no inverno, é dicir, máis agreste e frío nas zonas elevadas e moito máis cálido nas zonas encaixadas dos ríos («Terra Quente»).




Fig. 1. Situación de Trás-os-Montes e mapa da marxe dereita do río Douro (modificado de <https://journals.openedition.org/>).

Ao atoparse este territorio nun punto de inflexión entre a fitoclimatoloxía atlántica e mediterránea, a vexetación tamén é moi variable en función da altitude e da localización máis ou menos occidental.

Na rexión máis húmida predominan formacións arbóreas de folla caduca, constituídas por *Quercus pyrenaica* Willd., *Q. robur* L. (carballeiras), *Betula alba* L. (bidueirais), *Castanea* spp. (soutos) e ripisilvas de *Alnus lusitanica* Vít, Douda & Mandák e *Salix atrocinerea* L., rodeados de matogueiras de *Erica* spp., *Ulex* spp. e *Cytisus* spp., xunto con algunhas plantacións de *Eucalyptus globulus* Labill., *Pinus pinaster* Ait., *P. sylvestris* L., *P. nigra* L. e *Pseudotsuga menziesii* (Mirb.) Franco. E, na zona oriental, especialmente no sur, os bosques están formados basicamente por *Quercus suber* L. e *Q. ilex* subsp. *ballota* (Desf.) Samp. con matogueiras de *Cistus ladanifer* L., *Thymus* spp. e *Lavandula stoechas* Lam., acompañadas dalgunhas plantacións de *Pinus pinaster* Ait. e, en menor medida, de *P. nigra* L. e *Eucalyptus camaldulensis* Dehnh., mentres que nas ripisilvas predomina *P. nigra* L.

O obxectivo deste traballo é facer unha primeira recompilación da macromicoloxía transmontana, tanto desde o punto de vista sistemático / taxonómico, é dicir, de catalogación, como de aproveitamento ancestral por parte da poboación (etnomicoloxía).

METODOLOXÍA

Para os dous aspectos a estudar, a recompilación dos datos foi feita a través de consultas bibliográficas, completadas pola información obtida de forma directa (no campo) a partir dos habitantes das aldeas transmontanas.

As referencias ás especies publicadas para ese territorio (catálogo) foron trasladadas a unha base de datos, que no futuro se completará coa información correspondente á provincia do Minho (MICONORTEPORT.SQL), que, en breve, poderá ser consultada na web de MYCOGALICIA PLANTAE S.L. e, a información etnomicolóxica corresponde á recompilación preliminar realizada para o traballo de doutoramento «Etnomicoloxía do N.O. Ibérico», en fase de realización.

RESULTADOS E DISCUSIÓN

Trás-os-Montes é unha das rexións máis pobres de Europa, como se indica nun estudo elaborado para a Comisión Europea polo Centro de Estatística da Associação Nacional das PME e a Universidade Fernando Pessoa (EXPRESSO, 2009), polo que resulta curioso que tendo amplas masas forestais autóctonas e prados, que permiten a aparición de macromicetos comestibles, en xeral, sexa escaso o número de especies que se consomen na maior parte do territorio.

Os cogomelos consumidos por excelencia en toda a rexión pertencen ao xénero *Macrolepiota* (preferentemente *M. procera* (Scop.) Singer e *M. permixta* (Barla) Paccioni, non diferenciadas

entre os consumidores). Probablemente, por iso se lle dan numerosos nomes populares (AZEVEDO, 1996; MARTINS, 2004; CASTRO & SKINNER, 2017).

Non obstante, hai algún concello que manifesta certas peculiaridades, por exemplo, en Sambade (Alfândega da Fé) recollen *Paxillus involutus* (Batsch) Fr., ao que denominan «carneirinhas» ou «carneiras», e consómeno guisado, previo escaldado en varias augas e, na zona de Chaves, desde antigo, recollen *Tricholoma equestre* (L.) P.Kumm., «tortulho» e, en menor cantidade, *Tricholoma portentosum* (Fr.) Qué., «tortulho negro», que continúan a consumir sen ningunha precaución.

As enquisas, realizadas «in situ», a persoas con máis de 65 anos, nos concellos de Bragança, Miranda do Douro, Freixo-de-Espada à Cinta, Torre de Moncorvo, Mogadouro, Alfândega da Fe, Vimioso, Macedo de Cavaleiros, Vinhais, Mirandela, Vila Real, Vila Pouca de Aguiar, Sabrosa, Alijó, Ribeira de Pena, Chaves, e Montalegre, poñen de manifesto unha clara diferenza, á hora de consumir cogomelos silvestres, entre o noroeste e o nordeste transmontanos, sendo moito máis regular o seu aproveitamento na zona oriental, na que se utilizan, polo menos desde principios do século XX, a maior parte das especies mencionadas na táboa 1.

Sorprende que nunha área micófaga (consumidora de cogomelos) como o nordeste transmontano haxa un concello, o Vimioso, no que parece haber un menor consumo. Isto podería estar xustificado porque na primeira metade do século pasado houbo unha intoxicación, supostamente por inxestión de cogomelos, na que faleceron 5 persoas dunha mesma familia e unha quedou doente bastante tempo (*comunicación persoal Lucrécia Aragão*), o que asustou á comunidade, este medo foi transmitido de pais a fillos ata a actualidade.

Nome científico	Nome popular	Concellos
<i>Amanita caesarea</i> (Scop.) Pers.	abesós, ruviós, revióis	Bragança, Vinhais
<i>Amanita</i> grupo <i>A. vaginata</i> (Bull.) Lam.	galinhas gordas	Mogadouro
<i>Amanita ponderosa</i> Malençon & R.Heim	abesós de primavera	Mogadouro, Bragança
<i>Boletus</i> grupo <i>B. edulis</i> Bull.	míscaros, setos	Mogadouro, Miranda do Douro
<i>Cantharellus</i> grupo <i>C. cibarius</i> Fr.	rapazinhos, amarelinhas, cacavinas	Chaves, Vinhais, Bragança, Mogadouro, Miranda do Douro
<i>Cyclocybe aegerita</i> (V.Brig.) Vizzini	setas dos olmos	Mogadouro, Alfândega da Fé
<i>Fistulina hepatica</i> (Schaeff.) With.	figado ou lingua de vaca	Bragança, Vinhais
<i>Helvella</i> spp	orelhas de abade ou de gato	Mogadouro
<i>Hydnum repandum</i> L.	lingua de ovelha	Mogadouro
<i>Lactarius</i> grupo <i>L. deliciosus</i> (L.) Gray	cardielas, sanchas, pinheiras	Mogadouro, Alfândega da Fé
<i>Leccinellum corsicum</i> (Rolland) Bresinsky & Manfr. Binder	míscaros das estevas	Mogadouro, Vimioso, Miranda do Douro
<i>Leccinellum lepidum</i> (H.Bouchet ex Essette) Bresinsky & Manfr. Binder	míscaro dos sobreiros	Miranda do Douro, Mogadouro
<i>Lepista nuda</i> (Bull.) Cooke	cogomelo do céu	Bragança
<i>Macrolepiota procera</i> (Scop.) Singer <i>Macrolepiota permixta</i> (Barla) Paccioni	róculos, rocas, frades, fradelhos, marifusas, fusalas, patas de vitela, giriboilas, púcaras	Vinhais, Bragança, Mogadouro, Miranda do Douro, Alfândega da Fé, Macedo de Cavaleiros, Vimioso
<i>Morchella esculenta</i> (L.) Pers.	pantorras, belfuradas, belfuradinhas	Miranda do Douro, Mogadouro
<i>Paxillus involutus</i> (Batsch) Fr.	carneiras, carneirinhas	Alfândega da Fé
<i>Pleurotus eryngii</i> (DC.) Quéf.	cardinas, setas de cardo	Mogadouro, Alfândega da Fé, Vimioso
<i>Pleurotus ostreatus</i> (Jacq.) P.Kumm.	repolgas, setas de choupo	Bragança, Mogadouro
<i>Pleurotus pulmonarius</i> (Fr.) Quéf.	repolgas brancas	Bragança
<i>Ramaria</i> spp.	patas de galinha	Vinhais, Bragança
<i>Suillus bellini</i> (Inz.) Kuntze	moncosos, míscaros dos pinhos,	Mogadouro, Alfândega da Fé, Macedo de Cavaleiros
<i>Terfezia arenaria</i> (Moris) Trappe <i>Terfezia</i> spp.	túberas, trufas, batatinhas da India	Mogadouro

Táboa 1. Especies consumidas no nordeste transmontano.

Como noutros lugares da Península Ibérica, nos últimos anos aumentou moito a poboación consumidora de cogomelos, tanto por parte de portugueses emigrados a Francia ou a Suíza, que trouxeron o hábito de consumo e os nomes populares aplicados neses países (cèpe, morille, trompettes...), como pola divulgación realizada por diversas asociacións micolóxicas, como Assoc. Micol. A PANTORRA (Mogadouro) ou Assoc. Micol. A XIXORRA (Bragança), sen esquecer o aumento da comercialización por parte de intermediarios e empresarios españois que compran o material aos agricultores transmontanos (CASTRO & SKINNER, 2017).

Para a xeneralidade das especies que non son consideradas comestibles recolleuse en Bragança o nome de «mijacões», sen embargo, *Amanita muscaria* (L.) Lam., a pesar de ser tóxica, recibe un nome específico non despectivo, «resalgar» ou «rosalgar» (Miranda do Douro, Macedo de Cavaleiros, Alfândega da Fé, Mogadouro...).

No nordeste de Trás-os-Montes había cogomelos que eran usados para tinguir a lá, o liño e a seda, por exemplo, *Pisolithus arhizus* (Scop.) Rauschert e *Bovistella utriformis* (Bull.) Demoulin & Rebriv («cacaforras») en Mogadouro. E, no Museu das Terras de Miranda (Miranda do Douro), entre as especies silvestres utilizadas para tal fin aparecen varios exemplares de *Bovista plumbea* Pers. (CASTRO, 2012).

Unha vez máis, compróbase que nos organismos silvestres só reciben nome popular aqueles que teñen algunha utilidade para o ser humano. No caso do «resalgar» ou «rosalgar» (*Amanita muscaria* (L.) Lam.), a pesar de tratarse dunha especie non comestible, con propiedades enteoxénicas, recolleuse información nos concellos de Bragança, Vinhais, Macedo de Cavaleiros e Miranda do Douro sobre o coñecemento que a poboación tiña sobre ela e os usos que lle daba.

Ata mediados do século pasado, o «resalgar» foi empregado como sedante, narcótico e relaxante por unha parteira de Vila Boa de Carçozinho (Bragança) que o subministraba ás mulleres no momento do parto. Daba a beber, cando se presentaban dificultades, unha «infusión» elaborada co chapeu seco para axudar na dilatación e aliviar a dor. Tamén no mundo críptico da bruxería foi usada para a elaboración de feitizos que expulsaban o «mal de ollo» e as «envexas».

En «O veneno da Moriana», romance medieval mirandés, no que unha rapaza pobre é abandonada polo seu amante para casar con outra moza rica da comarca. O día do casamento a ex-noiva rexeitada ofrécelle unha copa de viño con «resalgar moído», entre outras cousas, para facer as paces. O que

consegue é anular a vontade do ex-amante para evitar que chegue ao casamento e así sexa repudiado pola outra moza. El, despois de beber o viño, quédase durmido e non chega á igrexa, polo que se cumpre a vinganza, e pasa a ser desprezado por ambas rapazas (FERREIRA, 2004).

No campo da investigación, o coñecemento micolóxico na provincia de Trás-os-Montes viuse potenciado por dous (ou tres) importantes centros de investigación micolóxica: o Instituto Politécnico de Bragança (IPB), que ten asociado o Centro de Investigación de Montaña (CIMO), e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), coa colaboración da Universidade de Vigo (UVIGO), que nos últimos anos desenvolveron un importante papel tanto na catalogación como no coñecemento das aplicacións nutracéuticas e o aproveitamento sustentable deste recurso forestal, superando os 70 artigos científicos (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Por iso, a segunda parte deste traballo sobre a «macromicología trasmontana» ten como obxectivo elaborar un catálogo das especies, comestibles ou non, coñecidas nesta rexión, para o cal deseñouse unha base de datos, **MICONORTEPORT.SQL**, na que se inclúen datos procedentes de artigos científicos relativos á micología da provincia de Trás-os-Montes e Alto Douro. Esta base de datos inclúe os taxons dos *phyla Ascomycota* e *Basidiomycota* publicados en artigos científicos, nos que figura a localidade, o concello ou, polo menos, o distrito.

Esta primeira aproximación ao «catálogo trasmontano» foi complexa, debido á dispersión de citas e de traballos en diferentes revistas, nacionais e internacionais (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019), por iso só cando sexa feita a revisión dos datos xa incluídos, estará dispoñible na páxina de MycoGalicia Plantae (www.mycogalicia.com).

Os noventa e sete artigos consultados poden agruparse en dúas modalidades, setenta e sete relacionados especialmente con investigacións de carácter químico, fisiolóxico, dietético...

(FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019) e, vinte referidos case exclusivamente á catalogación de especies: MORENO & CASTRO (2001), PEREIRA *et al.* (2001), CASTRO (2002, 2004, 2014, 2016a, 2016b), FERNANDES *et al.* (2003), DASAIRAS & CASTRO (2006, 2007), BELLÓN *et al.* (2008), JUSTO & CASTRO (2008), LAGO (2008), MAHIQUES & PALAZÓN (2008), TORREJÓN (2008), FERNÁNDEZ-RICÓN & CASTRO (2016), LORENZO & REQUEJO (2016), RODRÍGUEZ *et al.* (2016) e SANTAMARÍA (2016), publicados maioritariamente nos «Anais da Associação Micológica A Pantorra» e na revista Mykes do «Grupo Micológico Galego Luis Freire».

Ata o momento, esta base de datos MICONORTEPORT.SQL inclúe un total de 2716 rexistros, que corresponden a 755 taxons publicados por un total de 108 autores. O nome científico foi actualizado segundo a base nomenclatural INDEX FUNGORUM (en liña). E nela están incorporados artigos desde 2001 ata 2018, xa que anteriormente esta rexión era micoloxicamente descoñecida para a comunidade científica.




Fig. 2. Distribución por trienios do número de artigos publicados, de taxons citados neles e de taxons novos para Trás-os-Montes.

A catalogación anual foi bastante irregular e descontinua. Na figura 2 obsérvase claramente que no trienio 2007-2009 hai un

pico extremadamente alto, tanto en artigos como en citas e taxons novos para Trás-os-Montes, o que se xustifica porque durante ese período defendeuse na Universidade de Vigo unha tese de licenciatura (DASAIRAS & CASTRO, 2007) e celebrouse en Bragança o congreso «Mycologia2006», no que se reuniron micólogos, profesionais e afeccionados, de Portugal, España, Inglaterra, Francia, Bélxica, Suíza, Italia, Eslovenia e Noruega, así como os grupos ibéricos de «cortinariólogos» e de «fungos hipoxeos». O material recollido e estudado foi maioritariamente deshidratado e recompilado por socios da Assoc. Micol. A Pantorra e as *exsiccata* depositáronse no IPB (Bragança).

Tamén se observa un pequeno pico no trienio 2016-2018, que corresponde coa realización do «VII Encontro Micolóxico do Arco Atlántico» (2015), organizado polo Grupo Micolóxico Galego, que se celebrou en Vinhais e reuniu estudosos da micoloxía procedentes de Portugal, Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco.

Por conseguinte, o distrito transmontano do que hai máis material publicado é o de Bragança con 2581 rexistros, aínda que en 413 non se indica con exactitude o local de recollida, nin o concello, só o distrito.




Fig. 3. Distribución de número de citas publicadas por concellos.

Entre os concellos con maior número de coleccións publicadas, non taxons, están Vinhais (670), Bragança (504), Miranda do Douro (356), Mogadouro (373), Macedo de Cavaleiros (272) e Freixo de Espada-à-Cinta (62), ademais aparecen outros mencionados na bibliografía, pero cun pequeno número de referencias, como Vimioso (8), Vila Flor (5), Carraceda de Ansiães e Mirandela (2) e Donai 1. E, no distrito de Vila Real só se atoparon 46 coleccións publicadas, para Vila Real, incluíndo o Parque Natural do Alvão (15), Chaves (23) e Alijó (8) [Fig. 3]. Na representación gráfica os concellos con 8 ou menos mencións agrúpanse no apartado de outros.

AGRADECIMENTOS

Agradecemos a súa colaboración a todos os informantes anónimos e, dun xeito especial, a Dona Maria Lucrecia Baptista Aragão[†] (antiga alumna da Universidade Sénior de Mogadouro), ás investigadoras Doutora Anabela Martins (IPB de Bragança) e Doutora Guilhermina Marques (UTAD de Vila Real) e a Francisco Xavier Martins, fundador da Associação Micológica A Pantorra e impulsor deste movemento micolóxico, tanto no nordeste transmontano como no resto de Portugal.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AZEVEDO, N. de 1996. *Cogomelos silvestres. Nova Agricultura Moderna* 5. Lisboa. Clássica Editora.
- BELLÓN, X., JUSTO, A., LORENZO, P. & CASTRO, M.L. 2008. Catálogo de especies recolectadas durante las XIV Jornadas micológicas de la CEMM (Bragança, Portugal). *Ann. Confed. Europaeae Mycol. Mediterraneensis - Bragança*: 89-133.
- CASTRO, M.L. 2002. Aportación ó coñecemento dos macromicetos de Mogadouro (TM, Portugal) (I). *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 2: 98-102.
- CASTRO, M.L. 2004. Biodiversidade fúnxica en Galicia e Norte de Portugal. *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 4: 53-58.
- CASTRO, M.L. 2012. Os cogomelos na génese das culturas: Noroeste ibérico. *Brigantia*, 33-34: 67-90.
- CASTRO, M.L. 2014. Aportacións à Micobiota de TM (III): » Parque

- Biológico de Vinhais» e Soutos da Freguesía de Espinhosela (Bragança). *Mykes*, 17: 41-52.
- CASTRO, M.L. 2016a. Aportacións á micobiota de Trás-os-Montes IV: “Parque Biológico de Vinhais” e Soutos da Freguesía de Espinhosela (Bragança). *Mykes*, 19: 9-30.
- CASTRO, M.L. 2016b. *Basidiomycota* interesantes de Vilar de Ossos (Vinhais, Portugal). *Mykes*, 19: 61-68.
- CASTRO, M.L. & SKINNER, A. 2017. *Cogomelos nas Terras de Miranda. Aproveitamento sustentável*. Lisboa. Âncora Editora.
- DASAIRAS, A. & CASTRO, M.L. 2006. Gasteromicetos do Nordeste Trasmontano (Portugal): Novas aportacións. *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 6: 50-57.
- DASAIRAS, A. & CASTRO, M.L. 2007. Micobiota do Parque Natural do Douro Internacional e Áreas Adjacentes. *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 7: 29-105.
- EXPRESSO 2009. *Trás-os-Montes é das regiões mais pobres da Europa [en liña]*. Disponible en [-das-regioes-mais-pobres-da-europa=f527378](https://www.expresso.pt/pt/2009/04/04/Tras-os-Montes-e-das-regioes-mais-pobres-da-europa=f527378) [Consulta: 4-X-2019].
- FERNANDES, M., MARQUES, G., MOTA, S. & CASTRO, M.L. 2003. Macromicetas de Trás-os-Montes (Portugal) (II). *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 3: 43-61.
- FERNÁNDEZ-RICÓN, H. & CASTRO, M.L. 2016. Catálogo dos taxons expostos no VIII Encontro Micológico do Atlántico (Vinhais): especies identificadas de «visu» polos participantes. *Mykes*, 19: 31-59.
- FERNÁNDEZ-RICÓN, H., CABALEIRO, M., CORDEIRO, A., ESTÉVEZ-CARIDE, P., PÉREZ-TORRÓN, G. & CASTRO, M.L. 2019. *Documento preliminar para a Base de Datos de Macromicetos do Norte de Portugal (Trás-os-Montes e Alto Douro)*. Vigo. MycoGalicia Planta S.L.
- FERREIRA, A. 2004. La *Amanita muscaria* i ls remanses “veneno de Moriana”: notas para ua perpuosta de nuoba lheitura. *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 4: 27-38.
- INDEX FUNGORUM (en liña). *Nomenclatural database Index Fungorum Partnership*. Disponible en <http://www.indexfungorum.org/names/names.asp> [Consulta: 4-X-2019].
- JUSTO, A. & CASTRO, M.L. 2008. La familia *Pluteaceae* (*Basidiomycota*, *Fungi*) en Portugal. *Ann. Confed. Europaeae Mycol. Mediterraneensis - Bragança*: 31-39.
- LAGO, M. 2008. Micoflora (*Basidiomycota*) de los eucaliptales de NO de la Península Ibérica. *Guineana*, 14: 1-502.
- LORENZO, P. & REQUEJO, O. 2016. *Pluteus* recolectados no VIII encontro

- micológico do atlântico (Vinhais, Portugal). *Mykes*, 19: 69-73.
- MAHIQUES, R. & PALAZÓN, F 2008. Cortinarios recolectados durante las XIV jornadas de la CEMM (Bragança, Portugal). *Ann. Confed. Europaeae Mycol. Mediterraneensis - Bragança*: 41-48.
- MARTINS, F.X. 2004. *Cogomelos. Património Natural Transmontano*. Mirandela. João Azevedo Editor.
- MORENO, G. & CASTRO, M.L. 2001. Contribuição para o Registo Micológico de TM: Mogadouro. *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 1: 79-80.
- PEREIRA, L., MOTA, S., LOURENÇO, J. & MARQUES, G. 2001. Avaliação da produtividade e estudo da ecologia de cogomelos silvestres comestíveis no Parque Natural do Alvão. *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 1: 73-78.
- RODRÍGUEZ CAMPO, F.J., RODEA BUTRAGUEÑO, J.A. & DÍAZ FERNÁNDEZ, A. 2016. Achegas á micobiota do Parque Natural de Montesinho (Portugal). *Mykes*, 19: 87-101.
- SANTAMARÍA RODRÍGUEZ, N. 2016. Achega ao coñecemento da flora micolóxica do Parque Natural de Montesinho (Trás-os-Montes e Alto Douro, Bragança). *Mykes*, 19:75-86.
- TORREJÓN, M. 2008. Contribution to study of fungi associated with *Cistus ladanifer* in the north-east of Portugal. *Mycol. Balcanica*, 5: 109-114.